

CONVOCATORIA DE AXUDAS AO ESTUDO DA FUNDACIÓN MANUEL VENTURA FIGUEROA

A Fundación Manuel Ventura Figueroa foi constituída no ano 1784 polos testamenteiros de Manuel Ventura Figueroa, patriarca das Indias, arcebispo de Laodicea e gobernador do Consello e Cámara de Castela co obxecto, entre outros, de proporcionar axudas económicas para realizar estudos de toda clase en favor dos seus parentes.

En cumprimento deste mandato testamentario o Padroado da Fundación, na súa reunión do día 6 de novembro de 2009, acordou aprobar a convocatoria das axudas ao estudo para o curso académico 2009/2010, con suxeición ás seguintes

BASES

PRIMEIRA: OBXECTO.

Convocar un total de 17 axudas económicas para a realización dos estudos universitarios aos que se fai referencia na base seguinte para o curso académico 2009/2010.

SEGUNDA: IMPORTE E NÚMERO DAS AXUDAS.

O número de axudas é de dezasete (17), distribuídas do seguinte xeito:

a) doce (12) axudas por un importe de mil douscentos euros (1.200 €) cada unha, para o inicio ou a continuación dos estudos universitarios conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico.

b) tres (3) axudas por un importe de dous mil catrocentos euros (2.400 €) cada unha, para a continuación de estudos universitarios de terceiro ciclo (segundo ano do bienio de estudos de terceiro ciclo, etapa de formación) ou para o inicio ou continuación dos estudos oficiais de máster universitario segundo aparecen regulados no Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

c) dúas (2) axudas por un importe de tres mil seiscentos euros (3.600 €) cada unha para o inicio ou a continuación dos estudos universitarios conducentes ao título universitario de doutor (período de investigación) segundo aparecen regulados no Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.



TERCEIRA: BENEFICIARIOS. REQUISITOS.

Poderán ser beneficiarios destas axudas os/as parentes do fundador debidamente clasificados/as como tales e que resulten seleccionados/as pola comisión de selección segundo os criterios establecidos na base sétima da presente convocatoria.

Como requisito específico, no caso dos solicitantes das axudas ás que fai referencia a letra a) da base segunda, que continúen os estudos nela previstos (2º curso e seguintes), deberán acreditar ter superado o 50% ou máis dos créditos nos que estivo matriculado no ano anterior.

CUARTA: PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As axudas deberán solicitarse segundo o modelo de solicitude que figura como anexo I a esta convocatoria, ao que se deberá xuntar a documentación acreditativa á que fai referencia a base sexta segundo os casos, no prazo improrrogable comprendido entre o 16 e o 26 de novembro de 2009, ambos inclusive. Só se admitirá unha solicitude por cada interesado, referente a unha soa das modalidades previstas nas letras a), b), e c) da base segunda.


QUINTA: MODO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As instancias deberán ser remitidas por correo certificado e irán dirixidas ao Sr. secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como vogal do padroado, ao enderezo: San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña). Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes os servizos privados de mensaxería.

SEXTA: DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ XUNTARSE COA SOLICITUDE

1. Documentación que se deberá xuntar á solicitude, calquera que sexa a axuda solicitada:

- Unha copia do DNI do solicitante.
- Unha copia do libro de familia.
- Documento acreditativo do parentesco co fundador.
- Certificado ou volante de empadramento colectivo para os efectos da determinación da unidade familiar, entendendo por esta os pais do solicitante, os irmáns que teñan trinta (30) anos ou menos, cumpridos con



anterioridade á data da convocatoria, os ascendentes dos pais, e, de ser o caso, o cónxuxe ou persoa unida ao solicitante por análoga relación de afectividade, que convivan co solicitante.

- Unha copia compulsada da declaración da renda de cada un dos membros da unidade familiar correspondente ao exercicio fiscal do ano 2008. No caso de non ter obriga de presentar declaración da renda, certificado da Axencia Tributaria de cada un dos membros da unidade familiar no que consten as rendas obtidas no ano 2008.
- De ser o caso, unha copia compulsada da sentenza de separación ou divorcio dos proxenitores da persoa solicitante, así como do convenio regulador.

2. Documentación que deberán xuntar á solicitud os solicitantes das axudas previstas na letra a) da base segunda da presente convocatoria:

- En todo caso, copia compulsada do documento de estar matriculado/a no curso 2009-2010, como mínimo, en 50 créditos. Coa matrícula deberá presentar a documentación xustificativa, do pagamento total ou parcial realizado (copia compulsada).
- O alumnado que acceda ao 1º curso dos seus estudos universitarios a través das probas de acceso á universidade deberá presentar ademais da documentación citada no parágrafo anterior, unha copia compulsada da certificación da correspondente comisión organizadora da proba, na que conste a cualificación correspondente. O alumnado de Formación Profesional que solicite o ingreso nos estudos universitarios aos que lle dá acceso a súa titulación deberá presentar, ademais da documentación citada no parágrafo anterior, unha copia compulsada da certificación académica dos cursos realizados na que se inclúa a nota media do expediente.
- O alumnado que continúe os seus estudos universitarios (2º curso e seguintes) deberá presentar, ademais da documentación citada no parágrafo primeiro deste número, unha copia compulsada da certificación académica con expresión da nota media do expediente académico, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1497/1987, modificado polo Real decreto 1267/1994, e polo Real decreto 1044/2003. Os alumnos que estean cursando estudos de 2.º ciclo por accederen desde unha titulación de 1.º ciclo deberán enviar, ademais, a certificación dese 1.º ciclo, igualmente con expresión da nota media do expediente académico.



3. Documentación que deberán xuntar á solicitude os solicitantes das axudas previstas na letra b) da base segunda da presente convocatoria:

- En todo caso, orixinal ou copia compulsada da certificación académica na que conste anota media do seu expediente académico para a obtención do título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1497/1987, modificado polo Real decreto 1267/1994, e polo Real decreto 1044/2003.
- Os alumnos que continúen os seus estudos de terceiro ciclo (etapa de formación) deberán presentar unha copia compulsada do documento de estar matriculado/a no curso 2009-2010 no segundo ano do bienio da etapa de formación dos estudos de terceiro ciclo. Coa matrícula deberá presentar a xustificación do pagamento total ou parcial realizado.
- Os alumnos que inicien ou continúen os seus estudos oficiais de máster universitario, deberán presentar unha copia compulsada do documento de estar matriculado/a no curso 2009-2010, como mínimo, en 60 créditos. Coa matrícula deberá presentar a xustificación do pagamento total ou parcial realizado.

4. Documentación que deberán xuntar á solicitude os solicitantes das axudas previstas na letra c) da base segunda da presente convocatoria:

- Orixinal ou copia compulsada da certificación académica na que conste a nota media do seu expediente académico para a obtención do título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1497/1987, modificado polo Real decreto 1267/1994, e polo Real decreto 1044/2003.
- Orixinal ou copia compulsada da certificación académica na que conste a nota obtida nos seus estudos de terceiro ciclo (etapa de formación) ou nos estudos oficiais de máster universitario para o acceso ao período de investigación das ensinanzas de doutorado.
- Copia compulsada do documento de estar matriculado/a no curso 2009-2010 na titoría anual (primeira ou sucesivas) do período de investigación dos estudos para a obtención do título de doutor universitario. Coa matrícula deberá presentar a xustificación do pagamento total ou parcial realizado.



A comprobación pola Comisión de selección da falsidade de algún dos datos que figuran na documentación que se xunte coa solicitude ou a evidencia da ocultación de datos por parte dos solicitantes, dará lugar automaticamente á non admisión da solicitude ou á retirada da axuda, con devolución das cantidades percibidas indebidamente, de ser o caso.

Concederase un prazo de cinco (5) días hábiles para complementar ou emendar a documentación presentada. No caso de que o interesado non achegue a documentación requirida no prazo fixado, na forma prevista na base quinta da presente convocatoria, teráselle por desistido da súa solicitude.

SÉTIMA: CRITERIOS DE SELECCIÓN.

1. Os criterios para a selección dos beneficiarios das axudas serán os establecidos nas letras seguintes, e que servirán para determinar a puntuación final de acordo co establecido no número 2 desta base:

a) Renda media da unidade familiar do solicitante

A renda media da unidade familiar estará constituída polos seus ingresos totais, en cómputo anual, divididos polo número de membros que a integran. A valoración da renda media familiar realizarase segundo as seguintes regras:

- As solicitudes nas que a renda media da unidade familiar non supere os 9.000,00 € valoraranse cunha puntuación de 20 puntos por esta epígrafe.

- As solicitudes nas que a renda media da unidade familiar supere os 9.000,00 €, valorarase coa puntuación que resulte de restarlle aos 20 puntos iniciais 0,5 puntos por cada 500 € ou fracción que superen a dita contía.

b) Traxectoria académica do solicitante

Os requisitos de tipo académico que se valorarán serán:

Para os estudantes que soliciten as axudas previstas na letra a) da base segunda da presente convocatoria que inician os estudos nela previstos, valorarase a nota obtida nas probas de acceso á universidade e, no caso dos alumnos provenientes de formación profesional, a nota media correspondente ao último curso dos correspondentes estudos. Para os estudantes que continúan estudos universitarios, valorarase a media das cualificacións do seu expediente académico nos estudos universitarios que estean a continuar, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1497/1987, modificado polo Real decreto 1267/1994, e polo Real decreto 1044/2003.



Para os estudantes que soliciten as axudas previstas na letra b) da base segunda da presente convocatoria, valorarase a media das cualificacións obtidas nos estudos universitarios conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1497/1987, modificado polo Real decreto 1267/1994, e polo Real decreto 1044/2003.

Para os estudantes que soliciten as axudas previstas na letra c) da base segunda da presente convocatoria, valorarase a media das cualificacións obtidas nos estudos universitarios conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1497/1987, modificado polo Real decreto 1267/1994, e polo Real decreto 1044/2003, que fará media coa nota obtida nos seus estudos de terceiro ciclo (etapa de formación) ou nos estudos oficiais de máster universitario para o acceso ao período de investigación das ensinanzas de doutorado, calculada segundo o sistema antes citado. Unha vez finalizada a tese de doutoramento deberán entregar unha copia dela na fundación, e no suposto da súa publicación, deberá facerse referencia ao feito de que o autor recibiu unha bolsa desta fundación.


Á valoración dos méritos de tipo académico aos que fai referencia esta letra, acreditados do xeito que establece a base sexta da presente convocatoria, valoraranse segundo a seguinte escala:

de 3,5000 a 4,0000 puntos de nota: 14 puntos
de 3,0000 a 3,4900 puntos de nota: 12 puntos
de 2,5000 a 2,9900 puntos de nota: 10 puntos
de 2,0000 a 2,4900 puntos de nota: 8 puntos
de 1,5000 a 1,9900 puntos de nota: 6 puntos
de 1,0000 a 1,4900 puntos de nota: 4 puntos
de 0,5000 a 0,9900 puntos de nota: 2 puntos
menor de 0,5000 puntos de nota: 1 punto

c) Proximidade no grao de parentesco co fundador

Valorarase de acordo cunha escala de entre 1 punto e 20 puntos en función da menor ou maior proximidade no grao de parentesco co fundador, a aplicar pola comisión de valoración.

2. A puntuación final virá dada pola suma total dos produtos resultantes de aplicar a cada unha das puntuacións parciais obtidas nos diferentes apartados, as seguintes porcentaxes:



a puntuación obtida polo apartado a) constituirá o 60% da puntuación final
a puntuación obtida polo apartado b) constituirá o 30% da puntuación final
a puntuación obtida polo apartado c) constituirá o 10% da puntuación final

De producirse empate nas puntuacións, resultará adxudicatario aquel solicitante que obtivera unha maior puntuación no apartado a) do número anterior; de persistir o empate, atenderase á maior puntuación obtida nos apartados b) e c) do número anterior, por esta orde. No caso de que se produza empate en todos os apartados, resultará adxudicatario o solicitante de menor idade de entre os empatados.

No caso de que quedara deserta algunha das axudas previstas nos apartados b) e c) da base segunda da presente convocatoria, o seu importe poderá ser destinado á concesión de novas axudas das previstas no apartado a) da dita base, por un importe en todo caso de mil douscentos euros (1.200 €) cada unha delas, resultando beneficiarios, en función do número de novas axudas, os solicitantes que se atopen en mellor posición na lista reserva pola orde de puntuación que obtiveran segundo as normas contidas nesta convocatoria.

3. Esta axuda será compatible con calquera outro tipo de bolsa.

4. O padroado poderá solicitar informes a entidades ou persoas públicas ou privadas ou calquera outra documentación complementaria e acreditativa das situacións dos solicitantes.

OITAVA: INFORMACIÓN

Para calquera dúbida relacionada coas bases da presente convocatoria habilitase o enderezo de correo electrónico *bolsasmvfigueroa@gmail.com* onde as persoas interesadas poderán solicitar as aclaracións que estimen convenientes.

NOVENA: COMISIÓN.

A comisión de selección estará composta polos membros do padroado.

DÉCIMA: RESOLUCIÓN.

A resolución das bolsas levarase a cabo polo presidente do padroado durante o mes de decembro de 2009 e farase pública.

